

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA O PAGAMENTO DO MOBILIARIO E CADEIRAS NECESARIOS PARA AMOBLAR UN PISO PROPIEDAD DO CONCELLO DE LUGO DESTINADO ÓS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS E SITUADO NA RÚA RIO SIL**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 19-2022, por un importe total de 4.877,99 €, dentro do vixente orzamento 2022 desta Corporación, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas do pagamento do **mobiliario e** cadeiras necesarios para amoblar un piso propiedade do Concello de Lugo destinado ós Servizos Sociais municipais e situado na rúa Rio Sil e na que se sinala a conveniencia de minoración do crédito da aplicación orzamentaria 23150.22699 do vixente Orzamento Xeral segundo os informes incorporados ao expediente.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm. 2022/1332 do 02.09.2022 así como RCMOD núm: 202200058559 do 02.09.2022, por un importe total de 4.877,99 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 4.877,99 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
23150.22699	4.877,99 €	23170.62500	22XX00043	4.877,99 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>4.877,99 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>		<b>4.877,99 €</b>

## Intervención

MVF/erg

Refª: ispac4656126419654726800.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 18-2022 Canon CHMS

**Segundo.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.